

## EL PROGRESO – A Chaira 2-2-2016

**PEPE POL** GAÑADOR DO PREMIO DE XORNALISMO DO BELÉN DE BEGONTE

► O mestre e escritor Pepe Pol, unha sinatura habitual en distintos concursos literarios, vén de gañar un novo premio nunha das convocatorias que máis lle gusta, o certame de xornalismo do belén de Begonte, un espazo polo que confesa sentirse «cautivado».

# «O belén amosa toda a grandeza que existe no mundo terrenal»

POR: CRISTINA PÉREZ

**JOSÉ REINALDO** Pol García, máis coñecido como Pepe Pol, naceu en El Campo de Gibraltar, aínda que leva ao redor de 30 anos vivindo en Galicia, a onde chegou na procura das súas raíces paternas, xa que seu pai era do Courel. A preocupación polo medio ambiente ou a conservación das tradicións, que para el tan ben representa o belén de Begonte, son notas definitorias da súa obra. Cun dos seus escritos do que el denomina «poesiprosa» vén de sumar un novo premio no certame de xornalismo begontino, un recoñecemento que suma a unha longa lista de distincións como escritor, pero tamén como educador.

**Vén de gañar un novo premio do belén de Begonte, o de levar xa uns cantos resta ilusión?**

Non, cando as cousas, neste caso a miña participación, se fan con ilusión. Eu soamente pretendo homenaxear o belén de Begonte.

**Ten unha relación especial con este nacemento electrónico, a que se debe, como naceu ese vínculo?**

A finais do século pasado, concretamente no mes de decembro de 1999, a comunidade educativa da escola de Montefurado fixo unha saída para ver este belén do que tiñamos referencia polo diario El Progreso e por outros rotativos. Dende entón quedei cautivado por el e sinto como unha obriga



Pepe Pol, no belén de Begonte.

Manuel María é o poeta contemporáneo por excelencia, un referente da poesía galega nos últimos anos»

vir visítalo. É unha singular peregrinación á que invito a todos aqueles que non teñan visto esta perla espiritual da Terra Chá. Define o belén begontino coma unha enciclopedia ou coma a peza

perfecta dun puzzle. Que se pode aprender neste nacemento?

Todos os valores, toda a grandeza que existe no mundo terrenal e serve de bancada para levantar a nosa mirada cara a esa espiritualidade, pero sen olvidar valorar a terra que pisamos.

**Ademais deste, suma un importante número de galardóns en distintas convocatorias. Que valor lles concede aos premios, máis alá da recompensa económica?**

As distincións supoñen que moitos dos meus traballos literarios non morran engaiolados nun cartafol e, grazas aos premios, vivan para sempre recollidas nunha publicación.

**Tamén ten recibido recoñecementos polo seu traballo docente. Como mestre, cal é a lección que máis lle gustaría que os seus alumnos aprendesen de cara ao futuro?**

Ser homes e mulleres, ser persoas íntegras e de ben.

**Leva anos impulsando o encontro de poetas Val de Quiroga, é necesario crear vías de encontro para os creadores?**

Sí, estas xuntanzas son moi positivas e necesarias para todos.

**O Concello e Guitiriz vén de pór en marcha o certame poético Díaz Castro, que nesta primeira edición conta con preto de 60 obras presentadas, hai falta de iniciativas deste tipo?**



# EL PROGRESO – A Chaira

2-2-2016

En Galicia hai moitas persoas con inquiredanzas e preocupacións por salvagardar e por divulgar a cultura. O que é necesario é que as institucións sempre apoiem e dean o calor económico indispensábel a todas as actividades, pois a cultura é a salvación dos pobos.

**Escribe poesía, prosa... Hai algunha razón que o leve a escoller un xénero sobre outro á hora de expresarse?**

Depende de como brote a inspiración. En regatiños pequenos, verso; en regatos longos, prosa; ou en ambas cousas, que é a miña poesiprosa, pero sempre chea de sentimento.

**Poesiprosa?**

Acuñei o termo poesiprosa para definir os meus escritos en prosa que sempre van bañados de sentimentos poéticos, pois nada na vida debe estar exento da beleza e do sentir poético.

**É o cronista oficial de Quiroga, facendo un exercicio de imaxinación, se o fose da Terra Chá, que non podería faltar?**

Non son quen para falar dunha terra que é corazón e semente de persoeiros dos distintos campos da grandiosa cultura. Terra Chá é un exemplo a seguir.

**A un dos impulsores e dos grandes representantes das letras da comarca, Manuel María, dedícanse as Letras Galegas este ano. Que cre que o fai merecedor deste recoñecemento?**

Ser o poeta contemporáneo por excelencia, un referente vivo da poesía galega nestes últimos anos.

**E falando de literatura, porque considera 'Platero y yo' unha biblia poética?**

Porque é pura a súa obra, humilde e modesta, igual que este belén de Begonte, e por iso, na súa sinxeleza está a maior das grandezas.

**Naceu lonxe de Galicia e veuse para atopar as raíces paternas, canto de galego hai no seu sangue?**

Nas últimas analíticas do sangue, nos seus resultados non me deron o porcentaxe de sentimento galego, pero é porque seguro que está nuns niveis moi óptimos.